

## Proba de lectura

### Xoias da natureza

As ostras son unhas artesás da xoiaría, capaces de fabricar perlas de medidas e cores sorprendentes. Sabes como as fabrican? Cando algunha pedriña ou algún animalíño pequeno se mete entre as súas valvas, a ostra segrega unha substancia brillante, chamada nácara, coa que envolve o intruso para se protexer.

Este mecanismo de defensa da ostra foi aproveitado polo ser humano para conseguir perlas cultivadas. Queres saber como se realiza este proceso?

En primeiro lugar, ábrese a ostra e súxéitanse as dúas valvas cuns soportes especiais que evitan que estas se pechen.

A continuación, cunhas pinzas, colócase unha boliña duns poucos milímetros na parede dunha das valvas.

Despois, retíranse os soportes para que a ostra se poida pechar e ponse na auga.

De alí a un tempo, ábrese outra vez a ostra, que xa segregou a nácara arredor da boliña para protexerse dela, e extráese a perla xa formada.

Imaxinas cantas ostras deberán traballar para facer un colar enteiro?



#### 1 Quen fabrica as perlas?

- A. Os mexillóns.
- B. As ostras.
- C. Os xoieiros.

#### 2 De que substancia están feitas?

- A. De ámbar.
- B. De óso.
- C. De nácara.

#### 3 Para que segregan as ostras esta substancia?

- A. Para protexerse de elementos intrusos.
- B. Para atacar os inimigos.
- C. Para alimentarse.

#### 4 Que son as perlas cultivadas?

- A. As perlas que fabrican as ostras de maneira natural.
- B. As perlas que fabrican as ostras cando se lles introduce unha boliña.

#### 5 Canto mide a boliña que se coloca nelas?

- A. Menos dun milímetro.
- B. Uns cantos centímetros.
- C. Uns cantos milímetros.

#### 6 Como se coloca a boliña dentro da ostra?

- A. Ábrese a ostra e, cunhas pinzas, colócase na parede dunha das valvas.
- B. Ábrese a ostra e déixase caer a boliña no medio da ostra.